

Modificacións da P. D. da materia de FUNDAMENTOS DE MUSICOLOXÍA

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de FUNDAMENTOS DE MUSICOLOXÍA para o curso 2019-20:

I. CURSO 6º DE GRAO PROFESIONAL

- MODIFICACIÓNS NO CURRÍCULO
 - OBXECTIVOS

Para o curso 2019-20 os obxectivos serán os seguintes:

- Aprender os principios básicos de toda investigación: orixinalidade, coherencia, claridade e honestidade.
- Aprender os procedementos para realizar un traballo de investigación: como buscalo tema, como buscar a información, como localizar a bibliografía e as fontes, como almacenar e clasificar a información, como estruturar e redactar o traballo, etc., así como para ler criticamente textos e estudos sobre historia e ciencias da música.
- Coñecer o desenvolvemento da historiografía musical dende a Ilustración do século XVIII ata o posmodernismo do século XX pasando polo nacemento da musicoloxía no século XIX.

Dado que esta materia non ten continuidade no curso seguinte, non se traslada ningún obxectivo ao curso 2020-21

– CONTIDOS

Para o curso 2019-20 os obxectivos serán os seguintes:

- Investigar e escribir sobre música
- As fontes e a investigación: tipos e usos. Onde e como buscar.
- Premisas para a investigación: facer preguntas e atopar respostas.
- A redacción: planificar, redactar e revisar.
- A musicoloxía e a súa historiografía
 - Introducción á musicoloxía.
 - Historiografía musical no século XVIII: Martini, Burney, Hawkins e Forkel.
 - Historiografía musical no século XIX. O xurdimento da Musicoloxía como ciencia a finais do século XIX: Fétis, Ambros e Adler.
 - A historiografía musical no século XX.

▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Non é necesaria súa modificación, pero adáptanse á situación provocada polo cese da actividade lectiva presencial, de xeito que os criterios de avaliación se referirán só aos obxectivos e contidos sinalados previamente para o curso 2019-20.

▪ MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os indicados de xeito xeral para o conxunto da materia, aplicados aos contidos correspondentes ao 1º e 2º trimestres do curso, pero non aplicables aos contidos correspondentes ao 3º trimestre.

Elimínase o mínimo esixible referente á defensa dos alumnos dos seus traballos perante os seus compañeiros.

Polo tanto, os mínimos esixibles para o curso 2019-20 son:

- Coñecer as principais correntes da Historiografía musical europea.

- Redactar correctamente un artigo de investigación empregando as fontes axeitadas e anotando correctamente a súa bibliografía.
- Ser capaz de catalogar axeitadamente un libro, unha partitura, un artigo dunha revista musical ou un artigo dunha páxina web.

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

O seguinte criterio elimínase por non adaptarse á nova situación:

- Observación da actitude do alumno/a na aula, para saber se participa activamente, se formula cuestións, dúbidas ou realiza os exercicios propostos.

Modifícase para o 3º trimestre a realización por parte do alumno de actividades, comentarios e traballos, no sentido de que non serán realizados na aula, senón que serán realizados individualmente por cada alumno e enviados de xeito telemático ao docente, preferentemente pola plataforma CentrosNet, ou ben mediante a Aula Virtual do Conservatorio, ou por medio doutro enderezo ou procedemento electrónico que permita a comunicación entre o docente e o alumno.

Modifícase así mesmo o xeito de realización de calquera tipo proba ou actividade escritas susceptibles de avaliación que foran necesarias, que pasarán a realizarse de xeito telemático. A proba ou actividades estarán adaptadas á nova situación, de xeito que, unha vez que o alumno reciba telematicamente a proba ou actividades, deberán ser remitidas resolta ao docente no mesmo día que lle foron enviadas.

▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Dado que nesta materia a avaliación é continua, e debido á situación de actividade lectiva no presencial acontecida na 3º avaliación, a cualificación final non poderá ser inferior á cualificación obtida na 2ª avaliación.

- As actividades realizadas no 3º trimestre para adaptarse ao período lectivo non presencial serán valoradas, pero só poderán influír na cualificación final de xeito positivo. A valoración positiva de ditas actividades suporá subir ata 2 puntos a cualificación obtida na 2ª avaliación.
 - Deixan de aplicarse as porcentaxes que ponderaban a cualificación entre os traballos e probas por unha banda, e a actitude e puntualidade por outra.
- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

Os alumnos nesta situación realizarán unha proba ou actividades. Na presente situación, a proba ou actividades estarán adaptadas para ser realizada de xeito telemático. O profesor enviará ao alumno que o solicite a proba ou actividades, que deberán ser remitidas resoltas ao profesor no mesmo día que lle foron enviadas ao alumno.

A vía de entrega da proba será preferentemente CentrosNet, ou a Aula Virtual do Conservatorio, ou outro enderezo electrónico que permita a comunicación entre o alumno e o profesor.

Os obxectivos e contidos referidos á proba ou ás actividades serán os indicados previamente para o curso 2019-20.

A proba ou actividades poderán incluír:

- preguntas nas que se avaliará o grao de adquisición dos contidos conceptuais da materia. As preguntas poderán ser de resposta breve (definicións de conceptos; enumerar autores; sintetizar a principal achega dun musicólogo, un período, etc.) ou ben preguntas amplas a desenvolver, onde haberá que relacionar contidos de distintos apartados do temario. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario.

- realización de traballos sobre algúns dos aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, axustándose ás convencións de presentación propias da materia.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

A cualificación da proba será un número enteiro comprendido entre 1 e 10.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1).

- **MEDIDAS DE RECUPERACIÓN**

Non proceden porque non hai alumnos en avaliación continua que necesiten facer recuperación.